



O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) ofrece desde o ano pasado os seus servizos nun edificio de nova construción, radicado na rúa Queixume dos Pinos do barrio de Salgueiriños, construído nun solar cedido polo Concello que contou coa colaboración económica para a súa construción da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e un bo número de achegas procedentes do ámbito privado.

O edificio da ACEM conta con dúas plantas, semisoto e soto, que ocupan arredor de 1.000 metros cadrados útiles, onde se dispensan diversos servizos aos preto de dous centenaes de asociados cos que actualmente conta esta entidades sen ánimo de lucro.

Nunha recente visita a estas instalación, representantes da entidade expresaron o seu desexo de que o Concello procederá a cambiar o emprazamento dun dos postes para a iluminación pública existente na rúa, que se sitúa xusto no medio do local que utilizan para aparcamento e zona de carga e descarga cuberta no baixo da edificación. A pretensión dos representantes de ACEM é que a farola se poida mover uns metros da súa actual localización apuntando a posibilidade de que se trasladase onda as escaleiras situadas mesmo á beira da edificación. Deste xeito, habería un beneficio engadido ao proporcionarlle algo de iluminación ás escaleiras, que carecen dela.

Convencidos da bondade da proposta e da posibilidade de levala a cabo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta o seguinte Rogo:

Que o Goberno local dea as instrucións precisas para proceder ao traslado do poste da iluminación pública radicado no acceso de vehículos do edificio da ACEM na rúa Queixumes dos Pinos, en Salgueiriños, para o lugar que se considere máis axeitado, deixando completamente despexado o citado acceso.

Santiago de Compostela, a 7 de xuño de 2016.

María José Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

**POSTE DE ILUMINACIÓN NO EDIFICIO DO ACEM EN SALGUEIRIÑOS
(Xuño – 2016)**

